

RESOLUCIÓN do 25 de marzo

de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, convocado por acordo do 8 de xullo de 2019, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización da lectura do terceiro exercicio.

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia, do 23 de outubro de 2019 (BOPG número 553, do 24.10.2019) para cualificar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia, convocado por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019 (DOG núm. 142, do 29.07.2019) acordou, de conformidade co disposto na base sexta que **a lectura do terceiro exercicio comezará o día 7 de abril de 2021, na sala Azul do segundo andar** do edificio do Parlamento de Galicia, sito na calle do Hórreo, número 63 en Santiago de Compostela, en chamamento sucesivo, comezando **pola letra L do apelido ata a Z**, que **se iniciará ás 10:00 horas**. Os opositores cos apelidos comprendidos **entre as letras A e a letra K, farán a lectura o día 8 de abril de 2021, na mesma sala Azul, comezando ás 10h**.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como a folla de datos do terceiro exercicio na que figura o seu código de barras.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2021

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do Tribunal